



4. A IGREXA DE SANTA BAIA (CERCIO, LALIN)

Antonio Presas

1. SITUACION

A igrexa proto-románica/románica de Santa Baia localízase na aldea do mesmo nome (Santa Baia), que na actualidade pertence á parroquia de Cercio.

O acceso pode realizarse seguindo un camiño que accede á aldea, con entrada e saída polo Norte ou polo Sur, desde a estrada local PO-6009 Lalín-Carmoega.

2. HISTORIA

A localidade de Santa Baia aparece recollida nunha doazón feita ao mosteiro de Carboeiro, no ano 1256, por Xan Rodríguez ("*Sancta baia de cello*")

A primeira referencia histórica desta igrexa débemoslla a Gerardo Alvarez Limeses, membro do Seminario de Estudos Galegos e autor dun tomo da "*Geografía General del Reino de Galicia*" (1936). Este investigador afirmaba que Palio contaba cunha igrexa románica ou dese carácter eran, a lo menos, os capiteis do arco triunfal.

En 1989, os autores da "*Comarca do Deza*" (Armando Vázquez e Daniel González) consideran que se trata dunha igrexa protorrománica con trazas visigóticas e outros elementos do incipiente románico.

O seu longo estado de abandono estivo propiciado por unha serie de circunstancias de orixe externo. En 1775 Santa Baia de Palio era considerada parroquia, pero esa consideración, como tal, xa tiña desaparecido a finais do século XIX. Antes do "*arranxo parroquial*" de 1891 xa era anexa de San Xiao de Rodís que, a súa vez, tralo arranxo, esta última, pasa a ser anexa de Santa Mariña de Cangas. En consecuencia, Santa Baia pasou a ser anexa dunha anexa e iso significou un progresivo abandono dos oficios relixiosos e un desuso en continuo aumento. A todo isto temos que engadirlle outra indefinición, xa que nos censos oficiais figura como núcleo de poboación pertencente á parroquia de Cercio.

3. DESCRICION

Igrexa formada por unha nave con ábside rectangular, construída con sillares irregulares e coas xuntas tapadas con argamasa. A primitiva cornixa románica tan só se conserva no ábside.

Fachada occidental

Atopase moi deteriorada, con algunha fenda vertical e recuberta cunha masa de cal. Na parte superior do frontispicio hai unha espadana moderna dun só vano, no que está colocada a campá. A porta está coroada por un tímpano lixeiramente apuntado, liso e apoiado sobre mochetas rudimentariamente decoradas pola parte inferior, pero carece de columnas laterais. Encima da porta aparece unha ventá tipo saeteira con derrame interno.

Muro meridional

Neste muro, encalado como o resto da igrexa, é imposible observar os sillares pero existe unha porta moderna adintelada, que debe estar no mesmo sitio da primitiva, da que non se conservan restos.

Abside

Na parede meridional conserva parte da cornixa, sostida por cinco canzorros e sobre o muro do testeiro, tamén encalado, está colocado un carneiro (un "*Agnus Dei*") rudamente labrado.

Interior

Todas as paredes do interior están encaladas e por iso non se pode ver o muro orixinal pero o elemento máis importante é o arco de triunfo, de medio punto, apoiado sobre dúas robustas columnas con capiteis de tamaño desproporcionado.

A *columna dereita* remata nun capitel ornamentado con representacións vexetais que terminan en volutas, mentres que na parte central aparece unha figura humana

desnuda que se tapa cun libro aberto. O cimacio do capitel, tamén decorado cunha flor, encaixa ao longo do muro da nave. Toda a columna é entrega e a súa basa está parcialmente ocultada polo solo actual.

A *columna da esquerda* é similar, agás nos temas decorativos do capitel, onde aparecen follas rematadas en bolas no exterior e unha figura humana desnuda, que tapa os xenitais coas mans, no centro

Sobre o arco triunfal existe unha ventá visible tan só polo exterior.

O solo actual, cuberto de lousas, moitas delas procedentes da cornixa desaparecida, levanta uns 30 centímetros sobre o primitivo.

En resume

Trátase dun templo moi tosco no que se aprecian dous momentos constructivos diferentes: (a) o ábside co arco triunfal e (b) a nave.


O *arco triunfal* presenta dous capiteis de tamaño desmesurado respecto do fuste, nos que aparecen os típicos caulículos (vástagos que imitan os cornos dun carneiro) do estilo corintio. O aleiro do ábside, o único conservado, presenta as características do románico tipo cister, así como o tímpano apuntado da porta occidental.

O arco triunfal e o ábside, posiblemente sexan anteriores ao resto do templo, modernizado en torno a 1200.


BIBLIOGRAFIA

- BANGO TORVISO, ISIDRO GONZALO (1979): *Arquitectura Románica en Pontevedra*. Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- GARCIA PORRAL, X.C. e GONZALEZ MURADO, O (2006): *Realidade Eclesiástica do Concello de Lalín na Época Postridentina*. Colección Deza Básicos, nº 10. SED.
- GÓMEZ BUXÁN, C. (2004): *Xenealoxías Dezás. Fidalguías de Santa Baia de Palio*. Anuario Descubrindo, nº 6. SED. Páxs 55-85.
- GÓMEZ BUXÁN, C. (2006): *A parroquia de Palio no século XVIII*. Anuario Descubrindo, nº 8. SED. Páxs 11-45.
- RODRIGUEZ GONZÁLEZ, R., RODRIGUEZ SUAREZ, M^a P e CENDON FENANDEZ, M. (1998): *Terras do Deza*. Galicia a Fondo. Ir Indo Edicións.
- VÁZQUEZ CRESPO, A. e GONZÁLEZ ALÉN, D. (1997): *A Comarca do Deza*. Servizo de Publicacións de Deputación Provincial de Pontevedra.

FIGURAS



4.1 Localización da igrexa de Santa Baia. Mapa Topográfico SIGPAC




4.2 Plano de igrexa de Santa Baia. Bango Torviso



4.3 Vista da igreja de Santa Baia co estrano "paraugas metálico" colocado para protexer o templo das chuvias.



4.4 Fachada de Santa Baia (ano 2006)



4.5 Fenda nun lateral da fachada de Santa Baia




4.6 Timapano liso e lixeiramente apuntado da igrexa de Santa Baia



4.7 Mocheta lateral dereita na porta da fachada principal



4.8 Mocheta lateral esquerda na porta da fachada principal




4.9 Cornixa e canzorros do ábside polo lado Sur




4.10 Carneiro (Anus Dei) colocado na cima do ábside



4.11 Canzorro colocado na parede lateral Norte do aábside seguramente usado como apoio dun alpendre




4.12 Arco triunfal encalado e decorado con pinturas nas que domina a cor azul



4.13 Capitel dereito do arco triunfal



4.14 Capitel esquerdo do arco triunfal



4.15 Imaxe de Santa Baia a patrona desta desaparecida parroquia.



4.16 Imaxe de Santa Catalina.